



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 30 DE XANEIRO DE 2014

#### ASISTENTES:

#### PRESIDENTE

D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

#### CONCELLEIROS/AS

D. PEDRO J. FERNÁNDEZ MANIN (PP)  
D<sup>a</sup> MERCEDES JOSEFINA GONZÁLEZ ALONSO (PP)  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> TERESA LÓPEZ REGO (PP)  
D JOSÉ ÁNGEL PALEO SOTO (PP)  
D<sup>a</sup> ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE (PS deG-PSOE)  
D<sup>a</sup> ANA ISABEL VILLARINO ALONSO (PSdeG-PSOE)  
D ENRIQUE COTARELO GARCÍA (PSdeG-PSOE)  
D RAMÓN SIXTO LEGASPI (PSdeG-PSOE)  
D XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ)  
D<sup>a</sup> ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR (UNIFOZ)  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ANGELES VEIGA VARELA (UNIFOZ)  
D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG)

#### INTERVENTORA

D<sup>a</sup>. PAULA CAMPOS RODRÍGUEZ

#### SECRETARIA

D<sup>a</sup>. ANA BARREIRO GÓMEZ

No salón de xuntas do concello de Foz, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta de xaneiro de dous mil catorce, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o concello pleno, baixo a presidencia do señor alcalde presidente don Javier Jorge Castiñeira, coa asistencia dos señores/as concelleiros/as relacionados ao marxe. Asiste a interventora, habilitada estatal, Paula Campos Rodríguez e actúa de secretaria, a habilitada estatal, Ana Barreiro Gómez.-

\*\*\*\*\*

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida celebración da sesión (os trece concelleiros/as que de dereito compoñen a corporación), o señor alcalde declara aberto o acto e, seguidamente, éntrase no despacho dos asuntos incorporados á orde do día, cursados xuntamente coa convocatoria, producíndose o desenvolvemento da sesión e correlativa adopción de acordos, nos termos seguintes:-

**1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ORDINARIA DE DATA 26 DE DECEMBRO DE 2013.-** A Portavoz do PSG-PSOE fai unha serie de observacións ao punto catro da Acta do pleno anterior de data 26 de decembro de 2013, que quere sexan recollidas en acta, e que son:

1º.-Que lle parece grotesco que pasarán sete anos para traer a Pleno a ubicación da depuradora en Forxán, cando se contaba cun anteproxecto e partida orzamentaria.

2º.-Non se pode obviar o problema de contaminación de Foz polo tema dos cheiros e da contaminación da ría.

3º.-Seguen defendendo a ubicación no lugar de Forxán.

4º.-O que queren é que se garantice unha instalación que funcione adecuadamente con capacidade suficiente, e que no proxecto se reflexe o seu soterramento con emisario con lonxitude suficiente.

5º.-Que os residuos do Polígono no vaian á depuradora de Forxán, que conte o Polígono cunha depuradora propia.

6º.-Que se conte con un compromiso firme orzamentario, tendo en conta que o PP votou en contra da iniciativa do PSOE de que se dotara nos orzamentos de dous millóns de euros para a depuradora de Foz a semana pasada.

7º.-O tratamento especial no PXOM á zona de Forxán que se reflexe cun espazo de espacemento público e zonas verdes.

O señor ALCALDE sométea a votación.

Por maioría absoluta dos trece señores/as concelleiros/as asistentes acórdase prestar aprobación ao borrador da acta da sesión anterior ordinaria de data 26 de decembro de 2013, en todos os seus extremos e nos seus propios termos, engandido as observacións transcritas anteriormente.-

## **2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA, ASÍ COMO DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL, DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.-**

Aos efectos previstos no regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta ao Pleno da corporación das resolucións e decretos da alcaldía, así como das xuntas de goberno local desde o último pleno ordinario, que foron postas/os de manifesto á secretaría, quedando informados do seu contido os trece señores/as concelleiros/as asistentes e cuxa relación se transcribe a continuación:

### **RELACIÓN DE DECRETOS DE ALCALDÍA DESDE O 20/12/2013 AO 24/01/2014**

DECRETO 2014-0045	20/01/ 2014	D20140120 CONVOCATORIA C.IMF.ASUNTOS PLENO DE 23/01/2014
DECRETO 2014-0044	20/01/ 2014	licencia c.p. edificio corral III
DECRETO 2014-0043	20/01/ 2014	Aprobación padróns prestación servizo axuda fogar novembro-décembro 2013.
DECRETO 2014-0042	20/01/ 2014	Aprobación cargo ocupación vía pública con vallas. Xullo 2013.
DECRETO 2014-0041	20/01/ 2014	Aprobación padrón escolas deportivas novembro-décembro 2013.
DECRETO 2014-0040	20/01/ 2014	solicitud de inf BEGASA
DECRETO 2014-0039	20/01/ 2014	padron agua, basura, saneamento 6º bimestre 2013
DECRETO 2014-0038	20/01/ 2014	20140120 CONVOCATORIA C.I. DE CONTAS DE DATA 23 DE XANEIRO DE 2014
DECRETO 2014-0037	20/01/ 2014	Aprobación cargo ocupación vía pública vallas agosto 2013.
DECRETO	20/01/	Aprobación cargo ocupación vía pública con vallas setembro 2013.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

2014-0036	2014	
DECRETO	20/01/	
2014-0035	2014	Aprobación cargo ocupación vía pública con vallas outubro 2013.
DECRETO	17/01/	
2014-0034	2014	decreto de aproba proced contratación
DECRETO	17/01/	Proposta de resolución favorable da RISGA de Dna. LUZ DIVINA
2014-0033	2014	PARATCHA RIVARES
DECRETO	16/01/	
2014-0032	2014	aprobacion de expdeinte de contratación
DECRETO	16/01/	Pago a xustificar de 1.500,00 € a Pedro J. Fernández Manín para XI Festa do Berberecho.
2014-0031	2014	do Berberecho.
DECRETO	16/01/	D20140116 REMISION INFORMES TECNICOS EXPTE. DEVOLUCION AVAL
2014-0030	2014	GESTAGUA
DECRETO	15/01/	Pago a xustificar de 165,00 a José Angel Paleo Soto para XII premios
2014-0029	2014	concurso Postais Nadal 2013.
DECRETO	15/01/	
2014-0028	2014	AISTEN SANITARIA
DECRETO	15/01/	Proposta de resolución favorable da RISGA de D. FRANCISCO JOSE FEITO
2014-0027	2014	FERNANDEZ
DECRETO	15/01/	
2014-0026	2014	cumplimiento bienio Cristina Balseiro
DECRETO	15/01/	
2014-0025	2014	FRAS SOLRED
DECRETO	15/01/	Proposta de resolución favorable da revisión anual da RISGA de M <sup>a</sup> RAQUEL
2014-0024	2014	ALVAREZ GARCIA
DECRETO	15/01/	
2014-0023	2014	D20140115 CONVOCATORIA XGL EXT. DE 16/01/14
DECRETO	13/01/	Resolución Alcaldía de 13/01/2014, Devolución IVTM 2013 por B.D. José Couto
2014-0022	2014	Prado, matrícula M -4529-KD.
DECRETO	10/01/	
2014-0021	2014	informa licen de taxi
DECRETO	09/01/	EXPDTE. 01/2014 DE XERACION DE CREDITOS. OBRADOIRO EMPREGO PICO DO
2014-0020	2014	CASTRO. ANUALIDADE 2014
DECRETO	09/01/	Proposta de resolución favorable da RISGA de D. ROSANA SILVA REZENDE
2014-0019	2014	BORGES
DECRETO	09/01/	Pago formalización factura nº 14/13-R de Industrias Varias Reunidas,
2014-0018	2014	S.L.
DECRETO	09/01/	
2014-0017	2014	DECRETO ACHEGAS 2
DECRETO	09/01/	Resolución Alcaldía de 9/01/2014, Devolución IVTM 2013 Jesús Rodríguez
2014-0016	2014	Lombardía, matrícula M -0557-NK.
DECRETO	09/01/	Resolución Alcaldía de 9/01/2014, Exención antigüidade Juan José Vázquez
2014-0015	2014	Paleo, matrícula C -7642-AJ.
DECRETO	09/01/	Resolución Alcaldía de 9/01/2014, Exención antigüidade José Cándido de
2014-0014	2014	Alfonso y Suárez, matrícula LE-025588.
DECRETO	09/01/	Resolución Alcaldía de 9/01/2014, Exención antigüidade Sandra Varela
2014-0013	2014	Ramallal, matrícula M -4130-JH.
DECRETO	08/01/	Resolución Alcaldía de 8/01/2014, Exención antigüidade Julio Delantero
2014-0012	2014	Sánchez, matrícula 2323 BMS.
DECRETO	08/01/	Resolución Alcaldía de 8/01/2014, Exención antigüidade Rafael Pedrosa
2014-0011	2014	Deán, matrícula LU-3686- K.
DECRETO	08/01/	Resolución Alcaldía de 8/01/2014, Exención minusvalía Generoso Delantero
2014-0010	2014	González, matrícula 1694 DLJ

DECRETO	08/01/	Resolución Alcaldía de audiencia e liquidación devida polo SAF de D.
2014-0009	2014	ESTHER RIVAS GOMEZ
DECRETO	07/01/	
2014-0008	2014	CAMBIO TITULAR TAXA LIXO A HERMIDA Nº 8 SAN MARTIÑO
DECRETO	07/01/	
2014-0007	2014	Aprobación gastos Instituto Social da Mariña cesión uso Casa do Mar
DECRETO	07/01/	
2014-0006	2014	solicitud de informe
DECRETO	07/01/	
2014-0005	2014	CAMBIO TITULAR TAXA LIXO AUGA COSTA DO CASTRO 7-4ªA
DECRETO	07/01/	
2014-0004	2014	Solicitud Salón de Actos CENIMA
DECRETO	07/01/	
2014-0003	2014	CAMBIO TITULAR TAXA LIXO DEPURACION COSTA DO CASTRO 7-4ªC
DECRETO	07/01/	
2014-0002	2014	Solicitud Salón de Actos CENIMA
DECRETO	07/01/	
2014-0001	2014	CAMBIO TITULARIDADE TAXA LIXO RUA MARTINEZ OTERO 5-BAIXO
DECRETO	30/12/	
2013-1114	2013	RESOLUCION ALCALDIA CAMBIO TAXA LIXO RÚA MANUEL MURGUIA
DECRETO	30/12/	
2013-1113	2013	RESOLUCION ALCALDIA APROBACION FRAS.
DECRETO	24/12/	
2013-1112	2013	movistar diciembre 2013
DECRETO	24/12/	RESOLUCION ALCALDIA DESESTIMANDO A BAIXA DAS TAXAS DE DEPURACION
2013-1111	2013	E LIXO DE JESUS OTERO GARCIA
DECRETO	20/12/	
2013-1110	2013	SUBV. CORO PARROQUIAL DE FOZ
DECRETO	20/12/	
2013-1109	2013	SUBV. VIRXE DA PEREGRINA DE CORDIDO
DECRETO	20/12/	
2013-1108	2013	SUBV SAN ACISCLO

**3.-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.-** Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Contas, Economía e Facenda, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 23 de xaneiro de 2014, que no seu literal indica:

“ Dáse conta da Proposta de Alcaldía de data 16 de xaneiro de 2014, co tenor seguinte:

**“ PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*Por esta Alcaldía sométese a estudio da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Especial de Contas a modificación Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por prestación de servizo de piscina municipal e instalacións deportivas, marcando as pautas oportunas para que sexa o devandito órgano colexiado quen adopte finalmente unha proposta concreta que se elevará a debate e resolución do Concello Pleno.*

*O motivo da presente modificación radica na solicitude formulada polo concesionario da xestión do servizo de explotación da piscina municipal HEBE SPORT, de restablecemento do equilibrio económico da concesión, derivado da posta en marcha do servizo de “spa” instalado nas instalacións da piscina que supón un maior custe para o concesionario valorado nun 5,% sobre o total da explotación; así como a actualización a través da revisión das tarifas ou cotas segundo a variación do índice de prezos ao consumo (IPC) interanual de abril de 2011 ata a o 31 de decembro do 2013, que segundo datos do INE ascende a un 4,1%.*



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

A revisión das tarifas realízase por unha porcentaxe dun 9,1% no que se cifra o prexuízo causado polo incremento do custo do mantemento da zona de spa, acreditado polo contratista a través da documentación achegada con datas 28 de febreiro do 2013, de 26 de xuño e de 31 de outubro do mesmo ano así como pola variación da taxa do IPC.

En consideración ao exposto e vistos á súa vez os informes de intervención de datas 17 de agosto de 2011 e 14 de outubro de 2011 e 15 de xaneiro de 2014, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

**PRIMEIRO.** - Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de piscina municipal e instalacións deportivas, quedando redactados os artigos modificados da devandita Ordenanza co seguinte detalle:

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

#### **Artigo 6º.- Tarifas.-**

A contía das Taxas regulada nesta Ordenanza Fiscal será a fixada na tarifa seguinte:

#### **CADRO DE TARIFAS**

<b>PISCINA MUNICIPAL DE FOZ</b>		<b>TARIFAS</b>	
<b>ABONOS PISCINA MUNICIPAL</b>		<b>SOCIOS</b>	
FAMILIAR TITULAR		25,09 €	
FAMILIAR CÓNXUXE		4.20 €	
FILLO (-18 AÑOS)		4.20 €	
ABONO XOVE		20.29 €	
ABONO INDIVIDUAL		25.63€	
ABONO 3º IDADE E DIMINUÍDOS		18.66 €	
ABONO MATINAL		19.69 €	
MINUSVÁLIDOS		50% de desconto	
<b>ENTRADAS</b>			
ENTRADA LIBRE (+18, -60)		4.31 €	
ENTRADA REDUCIDA (-18, +60)		2.84 €	
ENTRADA LIBRE + SPA (+18)		6,00 €	
<b>MATRICULAS</b>			
MATRICULA ABONADO		26.24 €	
MANTEMENTO MATRICULA		11.89 €	
MATRICULA CURSO ABONADO		11.89 €	
MATRICULA CURSO EVENTUAL			23,84 €
<b>CURSOS PISCINA</b>			
	<b>DÍAS</b>	<b>SOCIOS</b>	<b>EVENTUAIS</b>
NATAción BEBES	1	10.75 €	21.49 €
NAT. NENOS (3-16 AÑOS)	1	5.34 €	10,69 €
NAT. NENOS (3-16 AÑOS)	2	10,75 €	21.49 €
NAT. NENOS (3-16 AÑOS)	3	16,04 €	32.07 €
ESCOLA DE COMPETICIÓN	3	15,49 €	30,98 €
NAT. ADULTOS (16-60 AÑOS)	2	10.75€	21,49€

NAT. ADULTOS (16-60 AÑOS)	3	16,04 €	32,07 €
NAT. TERCEIRA IDADE	2	5.84€	16.31 €
NAT. TERCEIRA IDADE	3	11.95€	23.83 €
NAT. RECUPERAC. FUNCIONAL	2	10.75 €	21.49 €
NAT. RECUPERAC. FUNCIONAL	3	16.04 €	32.07 €
AQUAGYM	2	11.95 €	23.84 €
MATRONATACIÓN	2	GRATIS	GRATIS
DIMINUÍDOS	2	9.27 €	26.18€
VERÁN ADULTOS (QUENDA)	10	14.95 €	29.78€
VERÁN INFANTIL (QUENDA)	10	11.95 €	23.84€
ALUGUER RÚA HORA		17.35 €	23.84 €
<b>CURSOS SALA USOS MÚLTIPLES</b>			
	<b>DÍAS</b>	<b>SOCIOS</b>	<b>EVENTUAIS</b>
EDUCACIÓN FÍSICA DE BASE	2	10,15€	20.29 €
HABILIDADES XIMNÁSTICAS	2	10,15 €	20,29 €
DANZA	2	10,15 €	20,29 €
FITNESS	2	10,15 €	20,29 €
ARTES MARCIAIS	2	10,15 €	20,29 €
<b>ACTIVIDADES GRATUITAS PARA SOCIOS</b>			
STRECHING	2	GRATIS	20.29 €
STRECHING	3	GRATIS	23,84 €
XIMNASIA 3ª IDADE	3	GRATIS	19.09 €
XIMNASIA MANTEMENTO	2	GRATIS	20.29 €
XIMNASIA MANTEMENTO	3	GRATIS	23.84 €
AEROBIC	2	GRATIS	20.29 €
AEROBIC	3	GRATIS	23.84 €
TONIFICACIÓN	2	GRATIS	23.84 €
STEP	2	GRATIS	20.29€
BODYCOMBAT	3	GRATIS	20.29 €

As tarifas actualizaranse anualmente conforme ao IPC.

O IVA someterase á lexislación vixente.

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a nova redacción dos artigos da Ordenanza Fiscal afectada, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación, publicaranse no boletín oficial da provincial, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.-



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

*O Señor TENENTE DE ALCALDE manifesta que a suba que se propón é respecto ao IPC.*

*A Portavoz do PSOE pide que a subida proposta sexa asumida pola propia Corporación.*

*O Portavoz de UNIFOZ pide que no expediente figuren os expedientes sancionadores en trámite de sanidade.*

*O Portavoz do BLOQUE-MIXTO manifesta que non está de acordo coa subida aos veciños.*

*Tralo debate pola presidencia, sométese a proposta de Alcaldía transcrita anteriormente a votación ordinaria, co resultado seguinte:*

- . *Votos a favor: PP*
- . *Votos en contra: BLOQUE-MIXTO*
- . *Abstencións: PSOE e UNIFOZ*

*Consecuentemente, ao non obterse a maioría esixida, pola presidencia resulta proclamado o seguinte DITAME:*

***NON DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS”.-***

O señor ALCALDE pasa a dar lectura á proposición, e explica que é moi complicado saber os gastos individuais que lle corresponden a cada concepto, e polo tanto é difícil saber cales son os gastos que se teñen que ter en conta para a subida. Por iso queda a disposición da Corporación a decisión de facer ou non a subida polos custos do spa, xa que como di tamén Intervención é moi difícil valorar, xa que esta instalación non estaba no contrato inicial.

A Portavoz do PSG-PSOE parecelle desproporcionada a subida, que provocará que os usuarios da piscina non a poidan utilizar. Xa que son moitas a subidas de impostos, e as pensións e os salarios seguen igual, a subida do IPC só se teñen conta para subir os impostos pero non para subir o resto. Polo que non están de acordo, ademáis teñense que ter en conta as queixas dos usuarios cando esto ven a Pleno, se empresa no seu día foi concesionaria é porque o seu prezo é mais competitivo.

O Portavoz de UNIFOZ, unha cousa é o tema do IPC que está no contrato, e outro é o tema do Spa , que terá que repercutir nos usuarios do mesmo, etá de acordo tamén con algunhas queixas que expón a aprotavoz do PSOE. Tamén hai que ter en conta os expedientes sancionadores que ten abertos a Xunta de Galicia ante o Concello debido ás deficientes instalacións. Polo que, para saber a verdadeira subida haberá que estudar todo isto, antes de traer enriba da mesa unha subida de prezos.

Ademáis hai un abandono nas instalacións, polas queixas que se reciben dos usuarios, polo que pide que se cumpran os pregos do contrato.

O Portavoz do BLOQUE-MIXTO expón que en base aos infomes non hai probas para cuantificar a subida, non se preveron as consecucias do spa só se pensou na subvención no seu momento, polo que piden un informe de cómo está o contrato no que se valoren o estado do contrato en canto o seu cumprimento.

O señor ALCALDE contesta que non netende a postura do PSOE porque foi él quen adxudicou o contato e quen recepcionou as obras con deficiencias. Polo que está

disposto a deixalo encima da mesa e constituír unha Comisión para estudar o tema, xa que hai unha serie de deficiencias na instalación, pero a subida do IPC é necesaria.

A Portavoz do PSG-PSOE pide que se governe e que deixe de votar as culpas ao PSOE, como fai Raxoi, que o PP leva anos gobernando neste Concello e non fai nada.

O Portavoz de UNIFOZ responde que a subida do IPC está falada e quere que se convoque a Comisión, pero que sexa seria, non coma outras que existen que nin se convocan.

O Portavoz do BLOQUE-MIXTO, non está en contra da constitución da Comisión, pero quere un informe técnico e xurídico serio para saber si se está a cumprir o contrato.

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, e por unanimidade dos trece señores/as concelleiros/as asistentes, queda proclamado o seguinte **A C O R D O**:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE CONTAS, ECONOMÍA E FACENDA DE DATA 23/01/2014 RELFECTIDO ANTERIORMENTE, SO NOS EXTREMOS DA SUBIDA DO IPC.-**

**4.- APROBACIÓN DO RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.-** Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Contas, Economía e Facenda, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 23 de xaneiro de 2014, que no seu literal indica:

**“ PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS**

*En aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, que sinala que o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non fosen liquidadas naqueles aos que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación no caso de que non exista consignación orzamentaria específica.*

*Tendo en conta ademais que, neste caso concreto, é posible a súa realización con cargo ás Bolsas de Vinculación Xurídica que se sinalan a continuación, do vixente Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2014.*

<b>BOLSA VINCULACIÓN</b>	<b>Denominación</b>	<b>REMANENTE DISPOÑIBLE</b>	<b>Importe REC 01/14</b>
<b>9.2</b>	<i>Actuacións de carácter xeral. Gastos en bens correntes e servicios</i>	<b>252.963,60</b>	<b>10.731,44</b>
<b>TOTAL REC 01/2014</b>			<b>10.731,44</b>

*Visto e considerando o informe con reparos emitido pola Interventora Municipal de data 22 DE XANEIRO DE 2014.*

*Considerando que os gastos recollidos nas facturas e demais documentos acreditativos do gasto realizado que se conteñen no expediente corresponden a prestacións que foron efectivamente ordenadas pola Administración, foron executadas a satisfacción deste e os seus prezos se axustan ao pactado e ao mercado.*

*Atendendo ao exposto, propoño ao Pleno da Corporación:*

**PRIMEIRO.-** *A adopción do RECOÑECIMIENTO XUDICIAL 1/2014 por importe de 10.731,44 euros, correspondentes a gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente:*





## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

*1.-Relación de facturas 52/2014 por importe de 10.731,44 euros, que consta de 3 páxinas e comeza pola factura con nº de rexistro 2429 de R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S. por importe de 1.195,51 euros, e remata pola nº 3745 por importe de 661.06 euros.*

**SEGUNDO.-** *Aplicar, con cargo ao orzamento do exercicio 2014, os correspondentes créditos: 10.731,44€, imputándoos ás partidas correspondentes segundo o sinalado nos propios listados de facturas, nas que se realizará a correspondente retención.-*

*O Señor TENENTE DE ALCALDE manifesta que é urxente o pago porque hai aviso de corte por parte da empresa.*

*O Portavoz de UNIFOZ pide explicación de porque non se fixo unha modificación de crédito para facer fronte a estes gastos .*

*A Interventora explica que non se fixo porque non se podía, é a única maneira para pagala.*

*Tralo debate pola presidencia, sométese a proposta de Alcaldía transcrita anteriormente a votación ordinaria, co resultado seguinte:*

- . *Votos a favor: PP*
- . *Votos en contra: Ningún*
- . *Abstencións: PSOE, UNIFOZ e BLOQUE-MIXTO*

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:*

***DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 01/2014***.-

O señor ALCALDE manifesta que estas facturas quedaron pendentes porque non había crédito e ao non estar conformadas polos técnicos quedaron fora de contabilidade.

A Portavoz do PSG-PSOE manifesta que traer este recoñecemento extraxudicial é un agravio co resto de compañías.

En canto ao contrato con R é un descontrol, poque ademáis dela tamén hai contratos con Telefónica e Vodafone; non se está a cumprir a unicidade, queren saber o montante das partidas dos anos 2012 e 2013, fronte ao abono de facturas de telefónica do mes de decembro, e que se especifiquen os números de teléfono cos servizos de Concello e Concelleiros.

O Portavoz de UNIFOZ non está de acordo porque implicaría un agravio co resto de compañías, que as facturas quedarán fora de contabilidade é moi grave por non ser conformadas, que a partida se esgotara tan pronto tamén, que esté en menos 11.000 euros porque non se sabe se hai máis facturas, polo que propoñen que traia o orzamento e o que teña fora de contabilidade para saber como está a Corporación.

O Portavoz do BLOQUE MIXTO manifesta que estamos no primeiro mes do ano e xa cun recoñecemento extraxudicial, isto demostra un goberno desmesurado fronte a outras atencións de necesidades básicas, por iso critican o descontrol e irregularidade no pago das facturas.

O señor ALCALDE responde que se quedan enriba da Mesa é porque, ben non están conformadas, ou non hai cartos na bolsa de vinculación.

Estase a falar de teléfonos fixos, centralitas, e internet, hai un informe do técnico do Concello de que hai aforro. E nun período corto de tempo está instalada a centraliña única.

Propón que se deixe o asunto sobre a mesa e votan a favor todos os grupos políticos.

Debatido suficientemente o señor alcalde non somete a transcrita Proposta a votación ordinaria, e **acordase deixar o expediente enriba da mesa.**

**5.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO 4º TRIMESTRE DE 2013.**- Dáse conta do informe emitido pola Intervención municipal sobre cumprimento de prazos Lei 15/2010, de 5 de xullo – 4º Trimestre de 2013.

O Concello Pleno, coa asistencia dos trece membros que o compoñen, dáse por enterado.-

**6.- CORRECCIÓN DE ERROS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO CONTRATO DE SERVIZOS DE PRESTACIÓN DE AXUDA NO FOGAR.**- Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 23 de xaneiro de 2014, que no seu literal indica:

“Dáse conta da Proposta de Alcaldía de data 19 de xaneiro de 2014, co tenor seguinte:

#### **“ PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*Por esta Alcaldía sometese a estudio a Comisión informativa municipal de asuntos para o Pleno a rectificación de erros aritméticos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato de servizos de Axuda no Fogar do Concello de Foz. Marcando as pautas oportunas para que sexa dito órgano colegiado quen adopte unha proposta concreta que se levará a debate e resolución do Concello en Pleno.*

*Visto o trámite de aprobación e que non varía na súa sustantivada.*

*Considerando a seguinte normativa aplicable o caso:*

*-Artigo 105.2º da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento administrativo Común.*

#### **PROPOÑO**

**PRIMEIRO.-***Aprobar a seguinte rectificación de erros aritméticos na –CLAÚSULA CUARTA-PÁRRAFO 1º,- **Importe do contrato, Revisión de prezos e forma de pago.***

**Onde di:** *O concello de Foz á data de hoxe, ten concedido 28.800 horas ao ano polo Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e o Concello de Foz para o compartimento dos sistemas de información SIGAD e no Programa de asinación de recursos para o servizo de axuda no fogar competencia municipal. Establécese un prezo por hora de 11,52 €/hora de valor estimado máis 0,46€/hora de IVE, en consecuencia, o importe deste contrato ascende á contía anual de 663.552,00 Euros máis 26.496,00 euros de imposto sobre o valor engadido. O valor estimado do contrato ascende á contía de 663.552,00 Euros máis 26.496,00 euros de imposto sobre o valor*



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

engadido, o que supón un total de 690.048,00 Euros, tendo en conta as súas posibles prórroga e modificacións. O importe aboarase conforme o seguinte: a Corporación asumirá no proxecto do orzamento de gasto do 2014 e 2015 o importe correspondente ás obrigas que xere o contrato nos devanditos anos. En concreto se consignará crédito polos seguintes importes nos orzamentos dos exercicios 2014 E 2015 (no seu caso):.....

... **Debe de decir:** O concello de Foz á data de hoxe, ten concedido 28.800 horas ao ano polo Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e o Concello de Foz para o compartimento dos sistemas de información SIGAD e no Programa de asinación de recursos para o servizo de axuda no fogar competencia municipal. Establécese un prezo por hora de 11,52 €/hora de valor estimado máis 0,46€/hora de IVE, en consecuencia, o importe deste contrato ascende á contía anual de 345.024€ (IVE incluído), é dicir, a contía anual é de 331.776,00 Euros máis 13.248,00 euros de IVE. O valor estimado do contrato ascende á contía de 663.552,00 Euros máis 26.496,00 euros de imposto sobre o valor engadido, o que supón un total de 690.048,00 Euros, tendo en conta as súas posibles prórroga e modificacións. O importe aboarase conforme o seguinte: a Corporación asumirá no proxecto do orzamento de gasto do 2014 e 2015 o importe correspondente ás obrigas que xere o contrato nos devanditos anos. En concreto se consignará crédito polos seguintes importes nos orzamentos dos exercicios 2014 E 2015 (no seu caso):.....

**SEGUNDO.-**Publicar no Boletín Oficial da Provincia e no Tablón de Edictos deste Concello dita rectificación de erros do Prego de cláusulas Administrativas Particulares do contrato de servizos de Axuda no Fogar do Concello de Foz.-

O Tenente Alcalde pasa a dar lectura á proposición presentada.

Non producíndose debate algún, pola presidencia, sométese a proposta de Alcaldía transcrita anteriormente a votación ordinaria, co resultado seguinte:

- . Votos a favor: PP E PSOE
- . Votos en contra: UNIFOZ
- . Abstencións: BLOQUE-MIXTO

Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:

**DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERROS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO CONTRATO DE SERVIZOS DE PRESTACIÓN DE AXUDA NO FOGAR”.-**

O señor ALCALDE manifesta que se corresponde co contrato aprobado o mes pasado.

Non producíndose debate algún, o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

- Votos a favor: PP E PSOE
- Votos en contra: UNIFOZ
- Abstencións: BLOQUE-MIXTO

Consecuentemente, obtida maioría de votos favorables queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 23/01/2014 RELLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-**

**7.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG PARA DEMANDAR A TITULARIDADE PÚBLICA E DISPOSICIÓN UNIVERSAL DO PATRIMONIO ARTÍSTICO DAS ANTIGAS CAIXAS DE AFORRO GALEGAS.-** Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 23 de xaneiro de 2014, que no seu literal indica:

*“Atendida a Moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG, co tenor seguinte:*

**“ MOCIÓN PARA DEMANDAR A TITULARIDADE PÚBLICA E DISPOSICIÓN UNIVERSAL DO PATRIMONIO ARTÍSTICO DAS ANTIGAS CAIXAS DE AFORRO GALEGAS**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Froito do traballo e do esforzo de miles de galegas e galegos que depositaron os seus aforros nas caixas galegas, estas, cumprindo só unha pequena parte da súa obrigada función social, foron capaces de acumularen unha colección de obra plástica e de inmóbeis que representan gran parte da nosa creación artístico-cultural desde finais do século XIX até os nosos días.*

*Este patrimonio mostra o alto nivel que o pobo galego acadou na expresión artística, e conforma a nosa historia e a nosa identidade colectiva. Tamén constitúe un activo económico que as galegas e galegos xa pagaron cunha mínima parte das ganancias producidas polos seus cartos, cando non con eles directamente (accións preferentes ou subordinadas). Para alén disto, este patrimonio ten unha enorme capacidade potencial como instrumento educativo e formativo e mesmo pode xerar ingresos cunha proposta de exhibición e de xestión acaída.*

*Aínda que a declaración destas obras como Ben de Interese Cultural é unha medida positiva, non é suficiente para evitar a súa venda, a privatización, a disgregación ou a saída de Galiza. Así, a privatización das caixas galegas pode provocar o espolio e a deslocalización deste ben propiedade de todo o pobo galego. A Xunta de Galiza ten a obriga legal e moral de velar pola integridade, pola conservación, pola posta en valor e polo rendemento económico deste patrimonio e de evitar por todos os medios o espolio desta riqueza agora en mans de Novagalicia Banco, mais aínda cando dita entidade acaba de ser alleada a unha entidade privada que ten o seu centro de decisión fóra do país .*

*A sociedade galega debe ser consciente deste feito e do risco que corre o patrimonio cultural e artístico galego depositado naquela entidade financeira, e achegar o seu esforzo para defender a súa lexítima propiedade e o seu dereito a gozar desta obra artística, demandando da Xunta de Galiza que tome con urxencia todas as medidas para garantir que o patrimonio cultural e artístico existente en Novagalicia Banco sexa de titularidade pública.*

*Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte*

#### **ACORDO**

**Instar á Xunta de Galiza a:**

- 1. Que sexa de titularidade pública a totalidade do patrimonio artístico das antigas caixas de aforro.**
- 2. Manter a sede deste patrimonio en Galiza.**
- 3. Garantir a súa visitabilidade e acceso público.-**



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

*O Portavoz do BNG expón que as caixas teñen un patrimonio moi grande de carácter cultural, artístico, etc,etc, que é galego, e polo tanto que quede en Galicia. A expropiación sería unha medida a doptar para evitar que este patrimonio se vaia fora de Galicia.*

*O Portavoz de UNIFOZ pregunta que se pertence a BANESTO non se pode facer nada.*

*Tralo debate pola presidencia, sométese a proposta contida na Moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, co resultado seguinte:*

- . *Votos a favor: BLOQUE-MIXTO, PSOE E UNIFOZ*
- . *Votos en contra: Ningún*
- . *Abstencións: PP*

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:*

***DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG PARA DEMANDAR A TITULARIDADE PÚBLICA E DISPOSICIÓN UNIVERSAL DO PATRIMONIO ARTÍSTICO DAS ANTIGAS CAIXAS DE AFORRO GALEGAS***.-

O Portavoz do BLOQUE MIXTO explica a súa proposta, e salienta que queren que quede en territorio galego, que se manteña a sede do patrimonio en Galicia e se permita o acceso ao público.

O señor ALCALDE reponde que teñen a protección BIC por parte da Xunta de Galicia, discutir a súa titularidade non é fácil, pero quedarán na cidade da Cultura, polo que teñen protección.

O Portavoz do BLOQUE MIXTO responde que esa protección é insuficiente, o que queren é que non se comercialice con él.

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

- Votos a favor: BLOQUE-MIXTO, PSOE e UNIFOZ
- Votos en contra: NINGÚN
- Abstencións: PP

Consecuentemente, obtida maioría de votos favorables queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 23/01/2014 RELLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS**.-

**8.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG PARA DECLARAR ESTE CONCELLO VILA LIBRE DE CIRCOS CON ANIMAIS**.- Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 23 de xaneiro de 2014, que no seu literal indica:

*“Atendida a Moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG, co tenor seguinte:*

**“ MOCIÓN PARA DECLARAR ESTE CONCELLO VILA LIBRE DE CIRCOS CON ANIMAIS**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A cuestión do respecto cara aos animais levou a cidadanía a demandar novas accións en diferentes eidos normativos. O uso de animais en espectáculos é, quizais, un dos aspectos máis surrealistas que teñen lugar no noso país, nomeadamente os circos, que ofrecen unha imaxe radicalmente distorsionada do que supón a fauna silvestre.*

*A vida destes animais nos circos caracterízase polo illamento, o castigo, o medo e o cativerio. As exhibicións de animais nos circos ofrecen tamén unha mensaxe educativa negativa. Aínda que os espectáculos circenses non amosen condutas de violencia explícita á vista do público espectador, os actos que os animais teñen que realizar durante toda a súa vida non son habituais nin naturais e, para obrígalos a se comportaren deste xeito, sométenos a métodos de adestramento baseados no castigo físico, a privación de alimento e ao illamento do resto dos seus conxéneres.*

*Os animais que viven nos circos están obrigados a permaneceren o resto da súa vida privados de liberdade, atados, engaiolados ou encadeados en camións de traslado, negando calquera posibilidade de satisfacción das súas necesidades etolóxicas e naturais. A natureza transitoria dos circos e a vida constante de confinamento, privación de estimulación e frustración da fauna, conduce os animais a estados neuróticos e comportamentos repetitivos “estereotipados”, como balancear a cabeza ou corpo, movementos circulares dentro das gaiolas e até automutilacións.*

*Estes trastornos psicolóxicos chegan a provocar reaccións violentas que poden causar graves riscos para as persoas en caso de accidente, un extremo que sucedeu en numerosas ocasións ao longo dos últimos anos.*

*Un importante número de países e vilas de todo o mundo xa vetaron o uso de animais nos circos con base na súa protección e benestar, ao considerar que a súa exhibición e as condicións de vida supoñen unha crueldade, ao mesmo tempo que incrementan o tráfico ilegal de animais e a caza furtiva de especies protexidas.*

*Os circos usan os animais como reclamo do público infantil. Xulgamos que os pequenos e as pequenas deste país, a sociedade do futuro, merecen unha educación baseada en valores que inclúan o respecto cara aos seres vivos e o contorno.*

***E por iso que propomos:***

- 1. Que este concello non autorice nin promova ou ampare a instalación de circos con animais no termo municipal.***
- 2. Declarar este concello vila libre de circos con animais.***
- 3. Que este concello non permita a instalación de publicidade de espectáculos circenses con animais no termo municipal.***
- 4. Notificar este acordo á Xunta de Galiza, aos grupos do Parlamento de Galiza e á Asociación Animalista Libera.-***

*O Portavoz do BLOQUE-MIXTO pasa a dar explicación da Moción, destacando que se ten que dar un paso adiante na protección dos animais, para acabar coa súa explotación, sobre todo dos animais salvaxes.*

*Non producíndose debate algún, pola presidencia, sométese a proposta contida na Moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, co resultado seguinte:*

- . Votos a favor: BLOQUE-MIXTO, PSOE e UNIFOZ*
- . Votos en contra: Ningún*
- . Abstencións: PP*

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte DITAME:*

***DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG PARA DECLARAR ESTE CONCELLO VILA LIBRE DE CIRCOS CON ANIMAIS”.-***

*O Portavoz do BLOQUE MIXTO pasa a dar explicación da súa proposta destacando que nunha sociedade avanzada como a nosa tense que dar un paso máis, e ter en conta a países coma Canadá, Perú, Bolívia, etc, ou cidades coma Vigo xa o fan. Por iso piden que Foz se declare libre deste tipo de espectáculos que traen consigo maltrato animal.*



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

O señor ALCALDE pide que inste á Corporación para propoñer.

O Portavoz do BLOQUE MIXTO di que está de acordo.

O señor ALCALDE responde que está de acordo co espectáculo de circo sempre que se manteña a dignidade no trato dos animais. E que non entende como se trae a Pleno esto cando en Foz hai unha aula da natureza que foi instalada polo PSOE.

A Portavoz do PSG-PSOE pide que non se faga demagogia, non ten nada que ver cun circo, xa que nin se transportan animais nin se maltratan.

O señor ALCALDE responde que na proposta falase de animais engaiolados.

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

- Votos a favor: BNG-MIXTO e PSOE
- Votos en contra: NINGÚN
- Abstencións: PP e UNIFOZ

Consecuentemente, obtida maioría de votos favorables queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 23/01/2014 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-**

**9.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE CON MOTIVO DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA POLO QUE O GOBERNO DE ESPAÑA PRETENDE REVISAR A LEXISLACIÓN VIXENTE EN ESPAÑA SOBRE SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA E INTERRUPCIÓN VOLUNTARIO DO EMBARAZO.-** Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 23 de xaneiro de 2014, que no seu literal indica:

*“Atendida a Moción reflectida no epígrafe, defendida pola concelleira do grupo municipal PSdeG-PSOE, co tenor seguinte:*

**“MOCIÓN CON MOTIVO DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA POLO QUE O GOBERNO DE ESPAÑA PRETENDE REVISAR A LEXISLACIÓN VIXENTE EN ESPAÑA SOBRE SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA E INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, recolle a garantía dos dereitos fundamentais no ámbito da saúde sexual e reprodutiva, regula as condicións da interrupción voluntaria do embarazo e establece as correspondentes obrigacións dos poderes públicos.*

*No seu texto, declárase o dereito de todas as persoas a adoptar libremente decisións que afectan á súa vida sexual e reprodutiva, sen máis límites que os derivados do respecto aos dereitos das demais persoas e á orde pública garantido pola Constitución e as Leis, e recoñécese o dereito á maternidade libremente*

*decidido o que implica non só recoñecer ás mulleres a capacidade de decisión sobre o seu embarazo, senón tamén que esa decisión, consciente e responsable, sexa respectada.*

*A Lei, que veu substituír a unha regulación que vinte e cinco anos atrás supuxera un avance na protección das mulleres, foi elaborada, debatida e aprobada desde o consenso coa gran maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, tras o traballo en sede parlamentaria dunha Subcomisión na Comisión de Igualdade na que se contou coa participación dunha trintena de expertos e considerando as recomendacións de expertos xuristas e profesionais da bioética e a sanidade. Ademais, reforzou a seguridade xurídica na regulación da interrupción voluntaria do embarazo e incorporou a xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos así como distintos pronunciamentos, en forma de conclusións e recomendacións, do Consello de Estado e organismos internacionais de Nacións Unidas, da Organización Mundial da Saúde, do Consello de Europa e da Unión Europea.*

*O Goberno anunciou unha revisión desta lexislación que representaría un extraordinario retroceso normativo, social e ideolóxico e volvería situar ás mulleres españolas na clandestinidade, suprimindo o seu dereito a decidir responsable, consciente e libremente sobre a súa sexualidade e maternidade, e afectando á súa seguridade xurídica e á dos profesionais do noso sistema de saúde, así como á garantía no acceso ás correspondentes prestacións sanitarias.*

*Neste sentido, o 20 de decembro de 2013 presentouse no Consello de Ministros un Anteproxecto de Lei Orgánica cuxo contido confirmou, e tristemente superou, as peores conxecturas acerca dos seus desastrosos efectos sobre a liberdade e os dereitos das mulleres.*

*Co Anteproxecto aprobado polo Goberno suprímese o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo no primeiras catorce semanas, considerándose como delito despenalizado só nos supostos de violación e "grave perigo para a vida ou a saúde" da muller, privando a esta do seu dereito a decidir sobre a súa maternidade. Suprímese tamén, por tanto, o suposto de malformacións ou anomalías fetais incompatibles coa vida, que tiña xustificando a interrupción do embarazo dende os anos oitenta do século pasado.*

*Esta norma non só suporá un grave retroceso de máis de trinta anos para a lexislación española neste ámbito, e o incumprimento de compromisos internacionais en materia de dereitos sexuais e reprodutivos e de liberdade das mulleres a decidir sobre a súa maternidade, senón que situaría a España como unha excepción en toda Europa, onde nos últimos anos ningún país lexislara cara atrás nesta materia, mentres que as mulleres españolas sufrirán ese retroceso despois de contar cunha das lexislacións máis avanzadas, máis seguras, con maiores efectos na prevención de embarazos non desexados e que conseguira reducir o número de abortos no último ano.*

*Esta normativa provocou un enorme rexeitamento social da cidadanía española e europea, das organizacións sociais, profesionais e feministas, e ademais motivou a aparición de declaracións de membros do seu propio partido, incluídas as dalgunhas mulleres que ocupan cargos públicos, discrepando do seu contido, e a crítica de dirixentes e medios de comunicación no estranxeiro, onde só cultivou a felicitación de formacións políticas de extrema dereita doutros países.*

*Por estas razóns, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Foz somete para o seu debate e aprobación ante o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:*





## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

**1.- Instar ao Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo.**

**2.- Dar traslado do presente acordo ós grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados.-**

*A Portavoz do PSOE pasa a dar lectura da Moción.*

*Non producíndose debate algún, pola presidencia, sométese a proposta contida na Moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, co resultado seguinte:*

- . *Votos a favor: PSOE,BLOQUE-MIXTO,UNIFOZ*
- . *Votos en contra: Ningún*
- . *Abstencións: PP*

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:*

***DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE CON MOTIVO DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA POLO QUE O GOBERNO DE ESPAÑA PRETENDE REVISAR A LEXISLACIÓN VIXENTE EN ESPAÑA SOBRE SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA E INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO”.-***

A Portavoz do PSG-PSOE pasa a dar lectura da súa proposta.

O Portavoz do BLOQUE MIXTO expón que están nas máns da idioloxía máis reaccionaria en 30 anos para atrás, como pasa noutros dereitos, como é a liberdade de abortar.

O señor ALCALDE responde que a lei debe de consensuarse se houbera esa posibilidade, pero hoxe non existe.

A maioría hoxe é o PP, pero non todos no partido están de acordo co que establece a lei. No que si están de acordo é en que se chegue a un acordo coas Asociacións e facultativos, etc. Tampouco creen que sexa o momento este do debate da lei, queren que o Goberno aprobe unha lei con consenso cos distintos colectivos afectados.

A Portavoz do PSG-PSOE non enetende que se nin vostedes están de acordo porque non o retiran. Con esta lei retrocedemos 30-40 anos e somos en Europa un azmerir.

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

- Votos a favor: BLOQUE-MIXTO, PSOE, UNIFOZ
- Votos en contra: NINGUN
- Abstencións: PP

Consecuentemente, obtida maioría de votos favorables queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 23/01/2014 RELFECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-**

**10.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA A CREACIÓN DUN PLAN DE EMPREGO PARA A TOTALIDADE DA PROVINCIA DE LUGO ELIMINANDO OS CRITERIOS PARTIDISTAS E PRIORIZANDO NA CREACIÓN PARA MAIORES DE 55 ANOS E EMPREGO XUVENIL.**- Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 23 de xaneiro de 2014, que no seu literal indica:

*“Atendida a Moción reflectida no epígrafe, defendida pola concelleira do grupo municipal PSdeG-PSOE, co tenor seguinte:*

**“ MOCIÓN PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA A CREACIÓN DUN PLAN DE EMPREGO PARA A TOTALIDADE DA PROVINCIA DE LUGO ELIMINANDO OS CRITERIOS PARTIDISTAS E PRIORIZANDO NA CREACIÓN PARA MAIORES DE 55 ANOS E EMPREGO XUVENIL**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A etapa de goberno de Feijóo na Xunta de Galicia está a supoñer un verdadeiro trauma para os galegos debido á falta de sensibilidade das políticas dos populares. No contexto de crise actual están a romper as estruturas sociais que considerabamos como seguras en termos de progreso económico e en igualdade social. A pesar de que dende o Partido Popular négase este aumento exponencial das desigualdades, numerosos estudos como os de Eurostat, o Observatorio da Realidade de Cáritas, o informe Foessa2013, demostran que a brecha social aumenta vertixinosamente, ameazando a cohesión social necesaria para calquera proxecto de sociedade.*

*Nunha situación de contracción económica como a actual, o esforzo das institucións debe ir encamiñado a solucionar os problemas dos cidadáns de forma áxil, establecendo unha rede de defensa ante a exclusión e a pobreza. A pesar de que o Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS) cada mes mostra que o paro é o principal problema que perciben os galegos, o Partido Popular de Feijóo segue aplicando políticas de contención do gasto que fomentan a austeridade das administracións e desvalorizan o fluxo comercial do capital, propiciando a caída do consumo.*

*Pero ademais, as políticas económicas impostas por Mariano Rajoy, como a desregulación do mercado do traballo, afondaron máis no crecemento do paro, debido á facilidade de despedimento por parte dos empresarios, perseguindo o suposto mantra da competitividade empresarial por medio da moderación salarial.*

*A pesar de que todos os indicadores mostran que o número de desocupados non para de aumentar, ou que a pobreza xa afecta a un de cada catro españois, o Goberno de Feijóo súmase ao falso optimismo de que se está a saír da crise, esquecendo que se está a deixar atrás a enormes capas sociais que non poderán reincorporarse como parte activa da sociedade e que están abocados á precariedade. Un colectivo social que está resultado especialmente castigado, ademais dos mozos, son os maiores de 55 anos, vítimas de da maioría dos ERE executados na provincia.*

*Neste contexto de desigualdade, paro e pobreza, e a pesar de que a Xunta é a única administración que ten competencias en materia laboral, as políticas de emprego da Xunta caracterizáronse por unha*



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

*diminución do diñeiro presupostado en fomento do emprego, e no uso partidista dos plans para premiar os concellos gobernados polos populares.*

*Cada ano asistimos ao castigo que somete Feijóo aos galegos reducindo as partidas orzamentarias para inserción laboral. Para os presupostos de 2014, Feijóo volve demostrar que goberna de costas á cidadanía, recortando case dez millóns de euros as políticas activas de emprego.*

*Ademais, os Obradoiros de Emprego da Xunta de Galicia poñen de manifesto a exclusión que sofren algúns cidadáns galegos polo feito de residir en Concellos gobernados por Alcaldes que non sexan do Partido Popular. A discriminación sufrida polos lucenses vén determinada polas bases que regulan a concesión dos obradoiros, que esixen ter rexistrados 500 desempregados. Para a realidade da planta municipal da provincia, este criterio supón unha exclusión de facto, xa que a poboación destes é moi reducida. Por outra parte, a Xunta premia os proxectos intermunicipais fomentando prácticas partidistas no deseño dos Obradoiros. Así, Concellos gobernados polo Partido Popular únense, illando aos concellos socialistas e xerando verdadeiras zonas de sombra onde se imposibilita os lucenses recibir as políticas de emprego da Xunta. O resultado do clientelismo de Feijóo é que dos vinteun Obradoiros asignados para Lugo en 2013, dezanove están gobernados polo PP.*

*Polo exposto, e ante a progresiva diminución das políticas de emprego e uso partidista das mesmas por parte de la Xunta de Galicia, única administración con competencias en materia de emprego, O Grupo Municipal Socialista do Concello de Foz, somete para o seu debate e posterior aprobación, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:*

- 1. **Esixir á Xunta de Galicia a creación dun Plan de Emprego na totalidade da Provincia de Lugo, eliminando o uso partidista dos criterios para ser beneficiario.***
- 2. **Elaborar un plan específico de emprego Xuvenil que permita frear a sangría poboacional que sofren os concellos da Provincia de Lugo ante a falla de oportunidades laborais.***
- 3. **Instar á Xunta de Galicia a que elabore un Plan de Emprego destinado ás persoas maiores de 55 anos por ser un colectivo de difícil inserción laboral.-***

*A Portavoz do PSOE pasa a dar lectura da Moción.*

*Non producíndose debate algún, pola presidencia, sométese a proposta contida na Moción anteriormente transcira a votación ordinaria e, por unanimidade dos sete señores/as concelleiros/as asistentes, queda proclamado o seguinte **DITAME**:*

***DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA A CREACIÓN DUN PLAN DE EMPREGO PARA A TOTALIDADE DA PROVINCIA DE LUGO ELIMINANDO OS CRITERIOS PARTIDISTAS E PRIORIZANDO NA CREACIÓN PARA MAIORES DE 55 ANOS E EMPREGO XUVENIL”.-***

*A Portavoz do PSG-PSOE pasa a dar lectura da súa Moción.*

*O señor ALCALDE detalla as inversións da Xunta de Galicia en Foz fronte á Deputación de Lugo que non invertiu nada.*

Os Concellos que non teñen Obradorido como A Pontenova, etc. gobernados polo PSOE é porque non o solicitaron. O Plan que elevou a Deputación é para buscar os votos na montaña ao afectar a Concellos de menos de 5.000 habitantes e cun número de metros cadrados de Rede Natura e de Masa Forestal.

A Portavoz do PSG-PSOE manifesta que a Deputación fixo moito por Foz, e parecele inaudito que ataque a creación de emprego pola Deputación. Ésta a pesar de non ter competencias adicou unha media de 481 euros por desempregado e aumentou os seus fondos un 90%, fronte a Feijo que os reduciu.

O señor ALCALDE responde que o PSOE sempre foi un grande entendedor da economía do ano 2008-2009. Ademais frete a Xunta de Galicia onde si se pode pedir o Obradoiro por todos os Concellos, a Deputación non se pode solicitar porque os exclúe.

Falouse con Modoñedo, O Valadouro e Alfoz para pedir un novo Obradoiro de Emprego, para que se vexa que non quitan a ninguén.

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, e por unanimidade dos trece señores/as concelleiros/as asistentes, queda proclamado o seguinte **A C O R D O**:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 23/01/2014 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-**

**11.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA PARA DOTAR A PARTIDA CORRESPONDENTE AS AXUDAS PARA MELLORAS NAS VIVENDAS RURAIS CON RECURSOS SUFICIENTES PARA PODER ATENDER AS PETICIÓN SOLICITADAS.**- Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 23 de xaneiro de 2014, que no seu literal indica:

*“Atendida a Moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro do grupo municipal UNIFOZ, co tenor seguinte:*

**“ MOCIÓN**

*Que dende fai anos a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, convoca anualmente axudas para melloras nas vivendas rurais.*

*Que nos últimos anos, o noso medio rural esta sufrindo un abandono e por conseguinte o deterioro das casas rurais están a producir a desaparición de moitas aldeas rurais.*

*Que as mencionadas axudas para arranxo do medio rural, son un estímulo para mellorar a habitabilidade das casas rurais, así como un estímulo a o emprego de pequenas empresas.*

*Que nos últimos anos, produciuse un recorte na partida correspondente as estas axudas, que practicamente é como si non existiran.*

*Por todo isto Unifoz, presenta ante a Corporación Municipal esta MOCIÓN, coa seguinte proposta de acordo:*

*Que a Corporación Municipal acorde instar a Xunta de Galicia (Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas), para dotar a partida correspondente as axudas mencionadas con recursos suficientes para poder atender as peticións solicitadas.*

*Dar traslado do acordo ao parlamento de Galicia.-*



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

*O Portavoz de UNIFOZ pasa a dar lectura da súa Moción, destacando que sería unha medida que revitalizaría a actividade das empresas.*

*Non producíndose debate algún, pola presidencia, sométese a proposta contida na Moción anteriormente transcrita a votación ordinaria e, por unanimidade dos sete señores/as concelleiros/as asistentes, queda proclamado o seguinte **DITAME**:*

***DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA PARA DOTAR A PARTIDA CORRESPONDENTE AS AXUDAS PARA MELLORAS NA VIVENDAS RURAIS CON RECURSOS SUFICIENTES PARA PODER ATENDER AS PETICIÓNS SOLICITADAS***”.-

O Portavoz de UNIFOZ pasa a dar explicación da súa Moción, engadindo que o que quere é que se aumenten as partidas nos Orzamentos da Xunta destinados a estas axudas.

O señor ALCALDE responde que a Xunta a pesar de ter menos orzamento segue mantendo todas as partidas de educación, sanidade, servizos sociais o que destina o 80% do mesmo, e aínda así hai partida destinada a esta finalidade.

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, e por unanimidade dos trece señores/as concelleiros/as asistentes, queda proclamado o seguinte **A C O R D O**:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 23/01/2014 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.**-

**12.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA PARA DOTAR A PARTIDA CORRESPONDENTE AS AXUDAS DAS CONSTRUCCIÓN SINGULARES DO NOSO MEDIO RURAL COMO CABAZOS, POZOS ... CON RECURSOS SUFICIENTES PARA AXUDAR E ESTIMULAR ÓS PROPIETARIOS PARA A CONSERVACIÓN DOS MESMOS.**- Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 23 de xaneiro de 2014, que no seu literal indica:

*“Atendida a Moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro do grupo municipal UNIFOZ, co tenor seguinte:*

### **“ MOCIÓN**

*Que algunhas das construcións singulares do noso medio rural como os cabazos, pozos , muiños...están sufrindo un deterioro importante, por falta de políticas de estímulo a súa conservación.*

*Que as mencionadas construcións son elementos característicos do noso medio rural,e por conseguinte elementos etnográficos que non debiamos de perder e que necesitan de obras de conservación.*

*Por todo isto Unifoz , presenta ante a Corporación Municipal esta MOCIÓN, coa seguinte proposta de acordo:*

***Que a Corporación Municipal acorde instar a Xunta de Galicia para dotar a partida correspondente as axudas mencionadas con recursos suficientes para axudar e estimular os propietarios para a conservación dos mesmos.***

***Dar traslado do acordo ao parlamento de Galicia.***-

O Portavoz de UNIFOZ pasa a dar explicación da súa Moción, destacando que son parte da nosa etnografía, etc., e para que non desaparezan é importante este tipo e axudas.

O Señor TENENTE DE ALCALDE manifesta que haberá que ver se os particulares están de acordo con este tipo de axudas polo réxime de protección que implica.

Tralo debate pola presidencia, sométese a proposta contida na Moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, co resultado seguinte:

- . Votos a favor: UNIFOZ, PSOE e BLOQUE-MIXTO
- . Votos en contra: Ningún
- . Abstencións: PP

Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:

**DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA PARA DOTAR A PARTIDA CORRESPONDENTE AS AXUDAS DAS CONSTRUCCIÓN SINGULARES DO NOSO MEDIO RURAL COMO CABAZOS, POZOS... CON RECURSOS SUFICIENTES PARA AXUDAR E ESTIMULAR ÓS PROPIETARIOS PARA A CONSERVACIÓN DOS MESMOS”.-**

O Portavoz de UNIFOZ pasa a dar lecura da súa moción.

Non producíndose debate algún, o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, e por unanimidade dos trece señores/as concelleiros/as asistentes, queda proclamado o seguinte **A C O R D O**:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 23/01/2014 RELFECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-**

**13.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG CONTRA A SUBA NAS TRIBUTACIÓNS DAS PERSOAS AUTÓNOMAS E PEOUENAS EMPRESAS.**-Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 23 de xaneiro de 2014, que no seu literal indica:

**“ MOCIÓN CONTRA A SUBA NAS TRIBUTACIÓNS DAS PERSOAS AUTÓNOMAS E PEOUENAS EMPRESAS**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A situación económica para moitas persoas autónomas e titulares de PEMES é crítica. Sobre todo, persisten as dificultades para obter liquidez para a maior parte das empresas galegas (microempresas e pequenas empresas) para poder continuar realizando a súa actividade.*

*Esta situación vese agravada na actualidade pola política económica emprendida polo Goberno central, sobre todo por unha reestruturación financeira que non asegurou que os inxentes fondos públicos destinados ao apoio do saneamento da banca tivesen como destino final os sectores produtivos, e dun xeito máis concreto polas últimas decisións adoptadas relativas ao incremento dos custos sociais, a través do aumento das cotizacións para autónomos e autónomas.*

*Así, o Goberno vén de aprobar un considerábel incremento das cotizacións mínimas para as persoas autónomas que contan con 10 ou máis persoas empregadas no último ano, que representa unha suba do 22%, case 60 euros ao mes. A consecuencia directa desta medida será afondar no estrangulamento económico ás persoas autónomas e a emprendedoras. Ademais, o efecto indirecto será a destrución de emprego neste tipo de unidades económicas ao forzar a que sociedades deste tipo contraten menos de 10 persoas.*



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

*Por outra banda, tamén se produce un incremento da base mínima para persoas autónomas, que é a cotización maioritaria en Galiza, que provocará un incremento de máis de 60 euros ao ano para as mesmas.*

*Estas medidas aplícanse sen ningún tipo de diálogo co sector, como critican as principais asociacións de persoas autónomas galegas e do Estado.*

*As implicacións desta suba das cotizacións serán a de dificultar a recuperación económica para persoas autónomas e pequenas empresas, mesmo contribuir a unha maior desaparición de pequenas empresas, mentres se limita a súa capacidade de xeración de emprego, principal problema económico en Galiza e no Estado.*

*Non ten sentido que se incrementen as cargas sobre estas unidades económicas mentres se aumentan as axudas a grandes empresas, ao mesmo tempo que se manteñen sobre elas enormes vantaxes fiscais que impiden ao Estado manter políticas económicas anticíclicas.*

*Estas mudanzas prodúcense co suposto obxectivo de facer viábel a Seguridade Social, que para o presente ano terá un déficit de máis de 10.000 millóns de euros. Neste contexto, o conxunto de reformas que gravarán con máis cargas ás persoas autónomas terán un impacto de menos de 1.000 millóns, polo que non contribuirá a resolver este problema ao mesmo tempo que provocará nefastas consecuencias para a maioría de empresas do tecido produtivo. Mesmo debemos resaltar que o citado déficit ten unha causa directa na acusada baixa de cotizacións por mor da redución salarial, impulsada polas políticas do Goberno, sobre todo desde a reforma laboral.*

*O mecanismo máis eficaz para a sustentabilidade da Seguridade Social pasa por unha reforma fiscal e políticas activas de emprego que reduzan a enorme taxa de paro, por asegurar o mantemento o nivel salarial de todos e todas as traballadoras, e non por incrementar as cotizacións aos segmentos máis vulnerábeis do tecido empresarial nun momento que atravesan serias dificultades económicas.*

*Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte*

### **ACORDO:**

#### ***Instar á Xunta de Galiza a***

- a) Demandar do Goberno do Estado a un posicionamento contrario a calquera suba nas cotizacións para persoas autónomas e pequenas empresas.***
- b) Demandar do Goberno do Estado aprobar as reformas lexislativas necesarias de cara a promover unha reforma fiscal verdadeiramente progresiva, que grave ás grandes fortunas e grandes empresas, persiga a fraude fiscal e non incremente as cargas sobre as persoas autónomas e pequenas empresas.***
- c) Pór en práctica políticas activas de emprego en Galiza, como mellor mecanismo para garantir a sustentabilidade da Seguridade Social, con especial incidencia nas políticas sobre a mocidade e as mulleres, os segmentos máis vulnerábeis para a obtención de emprego.-***

*O Portavoz do Bloque Mixto pasa a dar explicación da súa Moción, para que se retire o Decreto e se poñan en práctica políticas activas de emprego.*

*Non producíndose debate algún, pola presidencia, sométese a proposta contida na Moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, co resultado seguinte:*

- . Votos a favor: BLOQUE-MIXTO, PSOE e UNIFOZ*
- . Votos en contra: Ningún*
- . Abstencións: PP*

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME:***

***DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG CONTRA A SUBA NAS TRIBUTACIÓN DAS PERSOAS AUTÓNOMAS E PEQUENAS EMPRESAS”.-***

O Portavoz do BLOQUE MIXTO pasa a dar lectura da súa moción e conclúe que piden a retirada do Decreto, xa que suporía un incremento do paro.

A Portavoz do PSG-PSOE manifesta que isto é unha complicación máis para os autónomos.

O señor ALCALDE responde que se fai para equiparar a base de cotización dos empresarios que cotizaban menos cos seus empregados e para darlles máis protección.

O Portavoz do BLOQUE-MIXTO responde que hai outras políticas, como a concesión de crédito polo IGAPE, etc, e así evitar a emigración.

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

- Votos a favor: BLOQUE-MIXTO, PSOE, UNIFOZ
- Votos en contra: PP
- Abstencións: NINGUNHA

Consecuentemente, obtida maioría de votos favorables queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 23/01/2014 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-**

#### **14.- ASUNTOS QUE POIDAN SER DECLARADOS DE URXENCIA.-**

14.-A) O señor ALCALDE presenta a seguinte Proposta de Alcaldía de rectificación de erros, trala oportuna declaración de urxencia acadada por unanimidade dos trece votos favorables dos señores/as concelleiros/as dos grupos PP, PSdeG-PSOE, UNIFOZ e MIXTO-BNG, ao abeiro do establecido no artigo 91.4 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, en relación ao que se establece no artigo 138 do mesmo corpo regulamentario, éntrase no despacho da seguinte:

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*Por esta Alcaldía sometese a debate e resolución do Concello en Pleno a rectificación de erros no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato de servizos de Axuda no Fogar do Concello de Foz.*

*Visto o trámite de aprobación e que non varía na súa sustantividade.*

*Considerando a seguinte normativa aplicable o caso:*

*-Artigo 105.2º da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento administrativo Común.*

#### **PROPOÑO**

**PRIMEIRO.-***Aprobar a seguinte rectificación de erros na –*

<b>CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Dereitos e obrigas do adxudicatario</b>
--

**Onde di:** *O contrato executarase con suxeición ao establecido nas súas cláusulas e nos pregos, e de acordo coas instrucións que o órgano de contratación lle dea ao contratista para a súa interpretación.*

*O/a contratista queda abrigado/a a aportar e empregar para a execución do contrato todos os medios persoais e materiais que tivese comprometido na súa oferta. Ditos medios terán a consideración de mínimos, e deberán de aumentarse si fose necesario para a correcta execución do contrato.*





## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

... **Debe de decir:** O contrato executarase con suxeición ao establecido nas súas cláusulas e nos pregos, e de acordo coas instrucións que o órgano de contratación lle dea ao contratista para a súa interpretación.

A empresa adxudicataria terá a obriga de subrogación do persoal relacionado no ANEXO I deste prego, nos termos que se indican no artigo 15 da Resolución do 18 de xaneiro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e publicación no Diario Oficial de Galicia, do Convenio colectivo para a actividade de axuda a domicilio de Galicia, e na súa prórroga publicada no DOG nº222 de 21/11/2012, respectando en todo caso a categoría profesional, soldo, xornada, horario e antigüidade do persoal subrogado.

O/a contratista queda abrigado/a a aportar e empregar para a execución do contrato todos os medios persoais e materiais que tivese comprometido na súa oferta. Ditos medios terán a consideración de mínimos, e deberán de aumentarse si fose necesario para a correcta execución do contrato.

**SEGUNDO.-**Públicar no Boletín Oficial da Provincia, no perfil contratante e no Tablón de Edictos deste Concello dita rectificación de erros do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato de servizos de Axuda no Fogar do Concello de Foz.

### ANEXO I

#### RELACION DE PERSOAL

Nº	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	TIPO CONTRATO	CATEGORÍA	ANTIGÜIDADE	XORNADA
1		501 OBRA	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	22/11/2010	12,75 H/Semana
2		501 OBRA	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	26/10/2012	16 H/Semana
3		389 INDEFINIDO	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	02/05/2008	12,50H/Semana
4		389 INDEFINIDO	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	02/07/2007	22,25 H/Semana
5		389 INDEFINIDO	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	12/05/2007	19,50 H/Semana
6		501 OBRA	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	06/07/2010	11,25 H/Semana
7		389 INDEFINIDO	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	02/01/2007	18,75 H/Semana
8		300 INDEFINIDO	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	03/08/2009	22,50 H/Semana
9		501 OBRA	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	14/07/2010	16 H/ Semana
10		501 OBRA	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	26/03/2013	21,50 H/Semana
11		389 INDEFINIDO	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	02/01/2007	4,75 H/Semana

12		501 OBRA	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	01/06/2011	7 H/Semana
13		501 OBRA	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	19/10/2012	27 H/Semana
14		501 OBRA	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	06/07/2010	16 H/Semana
15		501 OBRA	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	19/10/2012	39 H/Semana
16		389 INDEFINIDO	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	05/02/2007	32,25 H/Semana
17		501 OBRA	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	26/02/2011	22 H/Semana
18		501 OBRA	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	02/05/2012	16 H/Semana
19		501 OBRA	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	28/09/2010	25,25 H/Semana
20		501 OBRA	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	08/05/2012	18,50 H/Semana
21		389 INDEFINIDO	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	02/01/2007	11,75 H/Semana
22		300 INDEFINIDO	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	02/09/2010	26,25 H/Semana
23		300 INDEFINIDO	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	01/12/2011	14,25 H/Semana
24		501 OBRA	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	06/07/2010	22,75 H/Semana
25		389 INDEFINIDO	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	02/01/2007	38,50 H/Semana
26		300 INDEFINIDO	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	01/09/2010	32,50 H/Semana
27		501 OBRA	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	12/05/2010	25,50 H/Semana
28		189 INDEFINIDO	RESPONSABLE COORDINACIÓN	16/01/2007	39 H/Semana
29		189 INDEFINIDO	COORDINADORA	04/01/2010	39 H/Semana
30		100 INDEFINIDO	AXUDANTE COORDINACIÓN	02/03/2007	39 H/Semana

O señor ALCALDE pasa a leer a súa proposta.



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

Non producíndose debate algún, o señor alcalde somete a transcrita Proposta de Alcaldía a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

- Votos a favor: PSOE e PP
- Votos en contra: UNIFOZ
- Abstencións: BLOQUE-MIXTO

Consecuentemente, obtida maioría de votos favorables queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

**PRESTAR APROBACIÓN AO CONTIDO DA PROPOSTA DE ALCALDÍA RELLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-**

B).- O grupo municipal PSdeG-PSOE, a través da súa portavoz, **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, presenta unha moción que, trala oportuna declaración de urxencia acadada por unanimidade dos trece votos favorables dos señores/as concelleiros/as dos grupos PP, PSdeG-PSOE, UNIFOZ e MIXTO-BNG, ao abeiro do establecido no artigo 91.4 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, en relación ao que se establece no artigo 138 do mesmo corpo regulamentario, éntrase no despacho da seguinte:

**“ MOCIÓN MANIFESTANDO O REXEITAMENTO ÓS CRITERIOS FIXADOS POLO GOBERNO CENTRAL E AUTONÓMICO PARA O REPARTO DAS AXUDAS DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN, E INSTANDO A MODIFICACIÓN DESTES PARA SER PERCEPTOR, QUE DISCRIMINAN ÓS AGRICULTORES ACTIVOS**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O pasado martes día 21 de xaneiro, Goberno e Comunidades Autónomas fixaron os criterios de reparto das axudas da Política Agraria Común (PAC) para o período 2014-2020. Por primeira vez, Europa deixou liberdade ós Estados para fixar os criterios do reparto, permitindo adecuar a política económica do sector primario á realidade de cada país. España contará con 43.991 millóns de euros en axudas, divididas en dúas liñas de actuación: subvencións directas por valor de 37.000 millóns de euros, e outros 8.291 millóns de euros adicionais para o desenvolvemento rural.*

*A pesar de que o Executivo de Mariano Rajoy intenta vender como un éxito que nun período de crise xeneralizada se manteñan as axudas europeas da PAC, a verdade é totalmente diferente. O sector agrogandeiro do noso país está sufrindo unha rápida deterioración con multitude de explotacións abocadas ó peche, e unha porcentaxe menor de poboación activa dedicada ó sector agrogandeiro. Manter uns criterios de reparto baseados en razóns históricas, que priman ós grandes propietarios de terras, fronte ós agricultores e gandeiros que viven e traballan no rural, só é perpetuar no tempo o modelo de degradación dun sector vital para a provincia de Lugo.*

*En canto á repartición territorial do noso país, Galicia saíu fortemente prexudicada respecto ó resto de territorios. A pesar de contar co 16% do total estatal de persoas que viven directamente do agro, a porcentaxe das axudas que vai percibir Galicia non alcanza sequer o 3%. Novamente, Feijóo volveu*

*manifestar a súa dobre moral cos agricultores e gandeiros galegos, asegurándolles que defenderían os intereses territoriais de Galicia para acabar aceptando o que lle daban de inicio en Madrid.*

*Como se dixo, a nova Política Agraria Común por primeira vez permitía ós Estados liberdade para personalizar nos seus países as axudas comunitarias. A diferenza de Francia, que decidiu empezar de cero na súa estratexia no sector primario, potenciando a actividade económica por medio de subvencións ós agricultores activos, o Goberno do Partido Popular decidiu primar e premiar ós propietarios da terra por enriba dos verdadeiros traballadores do agro. O resultado desta dirección política é a condena a un sector vital para a economía galega.*

*Os criterios de reparto das axudas directas da PAC, que non teñen en conta a produción nin o emprego, non potencian o crecemento e viabilidade económica das explotacións e non atenden á realidade dos territorios. Galicia saíu damnificada xa que a media de hectáreas das explotacións galegas é de 17 fronte ás máis de 46 hectáreas doutros territorios. Ademais, o regulamento europeo permite ós Estados conceder un pagamento adicional ás primeiras hectáreas, establecendo como límite o máximo do tamaño medio das explotacións de cada país. Non obstante, novamente o goberno decidiu non aplicar esta medida que permitiría redistribuír de forma máis equitativa as axudas e que permitiría o pagamento adicional ás primeiras 30 hectáreas, potenciando deste modo, ás explotacións máis pequenas.*

*Por outro lado, España perdeu a posibilidade de potenciar ó verdadeiro agricultor activo ó non ter en conta a renda deste e permitir ser beneficiario dunha axuda directa a quen, do conxunto de ingresos agrarios, sen ter en conta outros ingresos, as subvencións non pasen do 80% dos seus ingresos da actividade agrogandeira, discriminando así os verdadeiros agricultores activos que obteñen a maioría dos ingresos da venda dos seus produtos.*

*Por último, a liberalización do mercado leiteiro prevista para 2015 vai supoñer para os gandeiros españois e galegos, que non poderán competir co leite procedente do excedente alemán ou francés, que van ter un nivel de axudas significativamente maior, máxime tendo en conta que os gandeiros galegos están moi endebedados polas fortes inversións feitas na mellora das súas explotacións e na compra de dereitos de produción, e que dentro dun ano non terán ningún valor.*

*O resultado de aplicar estes criterios para a obtención de subvencións da PAC, non é só o desmantelamento da actividade agrogandeira. Supón outro colo de botella para un sector vital no desenvolvemento económico de Galicia, fomentando o círculo vicioso de falla de actividade, desemprego e despoboamento.*

*Polo exposto, e ante a oportunidade perdida que supón a nova repartición da Política Agraria Común para o período 2014-2020, o Grupo Municipal Socialista de Foz propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes **A C O R D O S**:*



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

1. *Manifestar o desacordo do Concello de Foz cos criterios fixados polo Goberno Central e Autonómico para a repartición das axudas da PAC, e dos criterios fixados por ámbalas dúas administracións para ser receptor destas subvencións.*
2. *Modificar o criterio que prima o número de hectáreas fronte á produtividade, para permitir unha dinamización económica no sector primario galego, desincentivando a concentración de terras en mans dos grandes terratenentes.*
3. *Solicitar ós Gobernos Central e Autonómico que inicien as xestións pertinentes para cambiar o perfil do receptor das subvencións da PAC, revalorizando o agricultor activo mediante un reparto que subvencione a aquelas explotacións que obteñen a maioría dos seus ingresos da súa propia actividade.*
4. *Destinar o máximo das axudas acopladas estatais ós gandeiros para facilitar a competitividade do sector leiteiro no escenario liberalizado previsto para 2015.*
5. *Establecer un tope de axudas por explotación de 60.000 euros e que, en todo caso, puidera incrementarse en función do número de empregos que xere”.-*

A Portavoz do PSG-PSOE pasa a leer a súa proposta.

Non producíndose debate algún, o señor alcalde somete o contido da Moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, e por unanimidade dos trece señores/as concelleiros/as asistentes, queda proclamado o seguinte **A C O R D O**:

**PRESTAR APROBACIÓN AO CONTIDO DA MOCIÓN REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-**

### **15.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Na quenda de **ROGOS**, fórmulanse os seguintes:

#### **GRUPO MUNICIPAL PS de G-PSOE**

**Dona ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE:**

- A carretera que vai de A Ermida a Santa Cilla que se arranxe.
- O parque infantil que hai fronte a Axencia Tributaria.
- Que se arranxen as beirarúas da praia da Rapadoira a Llas e as da Avda da Mariña.

#### **GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ**

**Don XAIME CANCIO RODRÍGUEZ:**

- Que poñan as placas cos nomes nas rúas.
- O pintado horizontal das rúas.
- O aparcamento para discapacitados no CENIMA e na Casa da Cultura.

**GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG****Don XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA:**

-Que se respete o acordo do Pleno de 23-02-2012, no que se declaraba o día 24 de febreiro como o día de Rosalía e que se cumpra por parte do Concello.

-Que se coide o Pobo, sobre todo polo tema turístico.

-Que se controlen as obras do Concello nas rúas do pobo, para evitar perigos.

Na quenda de **PREGUNTAS**, fórmulanse as seguintes:

**Dona ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE (GRUPO MUNICIPAL PS de G-PSOE)**

-Se non era mellor contratar a peóns que sacar un contrato de mantemento de xardíns por procedemento negociado sen publicidade por 70.000 euros?.

O Señor Alcalde responde que se saben o custe dun peón, o PSOE foi o primeiro en contratar empresas de xardinería e os propietarios das empresas son todos de Foz.

-Se tiña pensado facer informe da seguridade nos edificios en ruínas.

O Señor Alcalde responde que a situación é complexa porque aínda que se chamou a inspección de traballo, hai moitas obras sen rematar e non hai declarada caducidade das licenzas.

-Pide explicacións das xestións en Fitur do Alcalde e da Concelleira de Turismo.

O señor Alcalde responde que foi en representación do pobo e de toda a comarca da Mariña, cun proxecto conxunto, e a Concelleira foi pola súa conta.

**Don XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ)**

-Pide explicacións da convocatoria da Comisión de Suxerencias e Reclamacións.

O Señor Alcalde responde que se están a respostar por distintos medios, polo Concello, facebook, etc.

-Pide un Plan para reparar as rúas no rural.

O Señor Alcalde responde que non hai cartos.

**Don XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG)**

Non ten.

Concluído o anterior, ás vintedous horas e trinta minutos, non sendo outro o obxecto da convocatoria, o señor alcalde titular levanta a sesión no lugar e data ao principio indicados, estendéndose a presente acta para constancia, de todo o que, como secretaria, certifico.-

**A secretaria,**

**ANA BARREIRO GÓMEZ**

**O alcalde,**

**JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**